



# AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

**Grao en Filosofía**

**Curso Académico: Curso 2016-2017**

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
    - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
    - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
  - Dimensión 2. Recursos humanos
    - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
    - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
  - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
    - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
    - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- Plan de Melloras
  - [Abertas: curso 2016-2017](#)
    - AM-1
    - AM-2
    - AM-3
    - AM-9
    - AM-10
  - [Rematadas: curso 2016-2017](#)
    - AM-4
    - AM-5
    - AM-6
    - AM-7
    - AM-8
    - AM-11
    - AM-12
  - [Propostas: curso 2017-2018](#)
    - AM-1
    - AM-2
    - AM-3
    - AM-4
    - AM-5
    - AM-6
    - AM-7

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Grao en Filosofía
Mencións/Especialidades	<b>A CUBRIR POLO TÍTULO</b>
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	<b>A CUBRIR POLO TÍTULO</b>
Centro responsable	Facultade de Filosofía
Centro/s onde se imparte	Facultade de Filosofía
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	<b>A CUBRIR POLO TÍTULO</b>
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	01/06/2009
Data renovación acreditación	11/07/2017

## CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A matrícula de novo ingreso no Grao de Filosofía no curso 2016-17 mantivo o ascenso progresivo que se ven producindo desde o curso 2015-2016. **Dos 39 alumnos matriculados no 2014-15, pasouse a 51 alumnos no 2015-16 e a 55 no 2016-17.** Consideramos que este ascenso é o resultado das accións de mellora que se puxeron en marcha no marco do **Plan de Viabilidade** (aprobado polo Consello de Goberno do 28 de abril de 2015) orientadas á captación de alumnado, así como a dar visibilidade aos estudos de Filosofía na sociedade mostrando a súa relevancia e saídas profesionais. Nun contexto de crise destes estudos agravada pola redución da presenza de materias de filosofía no Ensino Secundario (ES) tratábase ao mesmo tempo de pensar e conquistar **novos espazos profesionais para os titulados potenciando o carácter interdisciplinar da filosofía** e o seu valor formativo, non exclusivamente como especialidade en sí mesma, se non tamén como base que se pode completar coa realización de másteres de outras especialidade, ou como segunda titulación.

Inda que, como consecuencia deste ascenso de matrícula, o Plan de Viabilidade quedou en suspenso, continuamos as accións de mellora programadas, conscientes dos seus efectos positivos sobre a titulación. Así, algunhas delas foron incorporadas aos plans anuais de mellora do Grao, quedaron outras consolidadas como procedementos habituais de funcionamento do título. Entre estas últimas cabe destacar a celebración de eventos para a proxección exterior da titulación que, iniciados no curso 2015-16 tamén tiveron lugar durante o curso 2016-17, como o Día da Filosofía ou a Olimpíada Filosófica, así como a impartición de conferencias por parte do profesorado da facultade en centros de ES.

Esta liña de fortalecemento de relacións e pontes co ES reforzouse durante o curso 2016-2017 mediante o desenvolvemento da **AM- 02 (Creación de grupos de discusión con egresados para obter información sobre as demandas dos ámbitos de inserción profesional dos especialistas en filosofía)**. No marco desta acción tivo lugar unha xornada de encontro e debate con profesorado de ES sobre o presente e o futuro da filosofía neste nivel educativo. Igualmente, membros do equipo de dirección da facultade colaboraron estreitamente co grupo de profesorado de ES que liderou a reivindicación (recollida e firmas e proposta de iniciativa parlamentaria) para a recuperación da presenza da filosofía como materia obrigatoria en el bacharelato.

Esta acción de mellora contempla tamén como interlocutores aos titulados en Filosofía que se atopan noutros ámbitos profesionais distintos ao ensino. A partir do grupo que formamos para ser entrevistado pola comisión de avaliación para a renovación da acreditación que visitou o centro o pasado mes de marzo de 2017, temos avanzado na localización e establecemento de contactos con estes egresados, así como na valoración da posibilidade de constituír un comité consultivo permanente. Constatamos como unha dificultade para rematar a execución desta acción inda aberta neste curso 2017-8 que, dada a xuventude do título, son inda poucos os egresados que se atopan situados en espazos profesionais consolidados. Seguiremos a recomendación do Informe de Avaliación para a Renovación da Acreditación no que se nos indica a necesidade "realizar un seguimento sistemático dos egresados convertendo en protocolo de centro o que se está facendo de maneira informal".

En relación coa importancia prestada polo centro á consecución de novos espazos profesionais para a Filosofía, como

reposta á recomendación que se nos facía tamén no citado Informe, deseñamos unha acción de mellora **(AM-4) orientada á articulación de convenios con distintas institución e empresas** de cara a formalizar unha oferta de prácticas externas para o alumnado, unha oportunidade que está contemplada na memoria para a verificación do título (MVT). Nesta primeira fase valoráronse e seleccionáronse as distintas posibilidades e establecéronse os primeiros contactos de cara a completar esta acción durante o curso 2017-18 e poñer en funcionamento as prácticas para o curso 2019-20.

No marco do desenvolvemento do Plan de Viabilidade constituíse na facultade un grupo de traballo para estudar e valorar a conveniencia de renovar do Grao de Filosofía. Dada a suspensión deste plan e a incerteza que existe aínda respecto ao modelo relativo ao número de cursos de grao e máster que adoptarán as universidades españolas (4+1 ou 3+2), este grupo, máis que estar traballando nun proxecto concreto, mantense como un elemento institucional de atención e receptividade cara a todo tipo de cuestións e informacións importantes que teñan que ver co futuro da titulación.

Outra acción de mellora que debemos consignar neste apartado procedente do Plan de Viabilidade que foi incorporada ao plan de melloras do Grao 2016-17 como **AM-1, é a consistente na elaboración de material informativo para grupos de interese acerca da filosofía e dos seus ámbitos de estudo**, así como sobre as saídas profesionais dos egresados. No curso 2016-17, coa axuda económica procedente do Plan de Viabilidade, contratamos os servizos dunha empresa consultora xestionada por egresados da nosa facultade, para localizar e documentar a presenza de contidos e presentacións sobre a filosofía en diversas institucións culturais e académicas do mundo. Unha vez que xa nos foi entregado este material queda por desenvolver durante o presente curso a tarefa de elaborar e adaptar ese material a un formato axeitado para o noso centro e ámbito cultural e académico. Este formato que deberá ser aprobado pola Xunta de Facultade e incorporado posteriormente á páxina web do centro. Queremos deixar constancia de que no desenvolvemento desta acción situámonos na primeira liña de execución do Plan de Melloras da USC para o curso 2017-2018 que contempla como AM-07 “mellorar e dar maior visibilidade á información pública dos títulos nas páxinas web, en especial, a aquela que resulte de interese para a toma de decisión do alumnado”.

A **AM-8** que se desenvolveu tamén durante o curso 2016-17 perseguiu igualmente o obxectivo de proxección da Filosofía e as súas temática e contidos sobre a sociedade. Consistiu na celebración dunha serie de **conferencias que, cunha periodicidade mensual**, foron impartidas tanto por especialistas como por persoas relevantes de outros centros e especialidades.

No marco do actual da configuración do Campus da Cidadanía na USC consideramos moi importante reforzar esta liña de proxección da facultade sobre o entorno máis inmediato, tanto académico como cidadá, con accións que permitan destacar o papel da filosofía no conxunto de disciplinas que se integran neste proxecto institucional. Neste sentido, e como reforzo das accións que xa vimos desenvolvendo deseñamos unha nova **(AM-7)** consistente na programación dun ciclo sobre Cine e Filosofía para o curso 2017-2018.

## 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

En cursos previos producíronse cambios de semestre nalgunhas materias dos que se deu conta nos informes de seguimento correspondentes, así como no informe de renovación da acreditación. Estes cambios, que foron aprobados nos seu día polas diferentes instancias de xestión da organización docente da USC, xustificáronse en base á optimización dos recursos humanos e distribución da carga docente nun contexto de merma na plantilla de profesorado pola xubilacións. Durante o curso 2016-2017 non se produciron novos cambios

A **AM-3, deseñada para a análise das taxas de abandono, éxito e rendemento**, permitiu diagnosticar a necesidade de reforzar, especialmente entre o alumnado de primeiro curso, as competencias de lectura e escritura de textos complexos. Isto levounos á planificación, deseño e contratación durante o curso 2016-2017 dun curso sobre “Técnicas de perfeccionamento da comprensión textual e da expresión escrita” (de 25 horas de duración). A través do Servizo de Normalización Lingüística da USC que non podía impartilo por falta de persoal, estableceuse o contacto e encargo a unha empresa externa colabora asidua deste servizo. Formalizouse a solicitude dunha axuda para o fomento da calidade da USC, que foi concedida, e organizáronse os trámites de xestión académica para a súa oferta a principios deste curso 2017-2018.

Na mesma liña de reforzar no alumnado de novo acceso as competencias básicas e necesarias para cursar os estudos de Filosofía durante o curso 2016-2017 ofreceuse tamén ao alumnado de primeiro o curso, asociado a unha das materias, o curso titulado “**Competencias en información na contorna dixital**” (virtual, aproximadamente 8 horas) que imparte a biblioteca da USC.

Temos que constatar tamén o gran esforzo realizado durante o curso 2016-2017 para a **mellora e homoxeneización tanto dos programas como das guías docentes das materias**, que foron aprobados na Xunta de Facultade (6-7-2017). O labor levouse a cabo no marco da unificación dos dous departamentos anteriormente existentes como iniciativa da nova dirección do novo departamento de Filosofía e Antropoloxía e da Comisión de Calidade do centro. Non se tratou dunha mera unificación formal se non tamén da introdución dun estándar de mellora na programación das materias e fundamentalmente de aspectos como formulación de competencias e especificación de criterios de avaliación que non constaban en todas as guías de cursos previos. A pesar de que a elaboración de guías docentes non está establecida como unha obriga por parte da USC no noso centro existe unha guía docente para todas as materias do grao, en versións en galego e castelán, que están a disposición do alumnado na páxina web da facultade.

No que se refire ao **tamaño dos grupos** a media de alumnos por grupo de teoría no curso 2016-17 (IN31G-PS-01) foi de 33,58 o que indica que baixou lixeiramente con respecto ao curso 2015-2016 que foi de 35,31 sendo a media da USC de 59,39. No caso da **media de alumnos por grupo de docencia interactiva**, a baixada foi menos significativa pasando de 28,41 a 28,10 e segue manténdose por enriba da media da USC que é de 22,62. Non contamos con datos do curso 2016-17 relativos á **ratio de estudantes por profesor a tempo completo** (indicador IN30G-PS-01) que no curso 2015-16 era bastante superior (9,15) á media da USC (6,46). Consideramos que, dada situación da plantilla do profesorado que analizaremos no apartado correspondente, esta ratio non debeu mellorar durante o curso 2016-17, se non todo o contrario. Estes datos nos indican unha situación mellorable con respecto ao tamaño dos grupos, un factor, en todo caso que non depende do centro e que se relaciona moi directamente coa dotación de prazas de PDI. Como argumentábamos no autoinforme para a renovación da acreditación, consideramos que a redución do tamaño dos grupos e, en particular das clases interactivas, resulta fundamental para a adquisición de competencias relacionadas coa lectura e escritura de textos complexos que son propias e específicas da titulación.

Os **datos de mobilidade** do noso alumnado aumentaron de 2,31 no curso 2015-2016, a 2,73 no curso 2016-17. Sen embargo baixou a porcentaxe de alumnado entrante de 4,37 o curso 2015-2016 a 1,1, no curso 2016-2017.

Durante o curso 2016-17 adoptáronse **dúas medidas de xestión da mobilidade** orientadas a dar cumprimento á recomendación que se nos fixo no Informe final de Avaliación para a Renovación da Acreditación para aumentar estas taxas e potenciar a saída dos nosos estudantes. En primeiro lugar a recomendación foi asumida como parte da **AM-4 relativa ao programa de coordinación e o seu protocolo**, integrando como tarefa propia dos coordinadores de curso achegar ao alumnado información sobre as ofertas de mobilidade da facultade, insistindo na importancia formativa desta experiencia así como da aprendizaxe de idiomas para facela posible. En segundo lugar, con data de 20-3-2017, procedeuse ao **nomeamento dun novo responsable académico de mobilidade do centro (RAM)** co obxectivo de poder dedicar un maior esforzo a esta tarefa que era exercida polo decano e sobrecargaba excesivamente as que xa ten encomendadas. Por último deseñamos agora unha **nova acción de mellora (AM-5)** consistente na **elaboración dun protocolo para xestión da mobilidade** na facultade que fixe e formalice procedementos eficaces, tanto administrativos como académicos, para impulsala. En todo caso, compre ter moi en conta, como xa sinalábamos no noso autoinforme para a Renovación da Acreditación, a limitación real que supón para a mobilidade a ausencia de financiamento suficiente mediante becas, de maneira que esta supón un custe que poucas familias poden permitirse, máxime nun contexto de crise económica.

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Tomando en conta unha serie de carencias detectadas na coordinación horizontal y vertical, así como as recomendacións dos informes de seguimento anteriores, no curso 2016-17 o centro deseñou a **AM-4 consiste na posta en marcha dun programa de reforzo da coordinación e a elaboración dun protocolo** para aplicalo. O protocolo establece o nomeamento dun coordinador ou coordinadora por curso así como a celebración de reunións periódicas tanto co alumnado como co profesorado para revisar a marcha do curso e corrixir os diferentes aspectos disfuncionais. Os informes das reunións celebradas están dispoñibles nas aulas de coordinación do campus virtual. Unha das tarefas que se ven realizando entre as propias da coordinación, e que se levou a cabo tamén o curso 2016-17, é a elaboración dun calendario para cada curso e por semestre das distintas tarefas, probas e exames. Con este calendario perséguese unha distribución equilibrada do traballo do alumnado. Tómanse en conta as diferentes datas achegadas polo profesorado propoñendo alternativas cando se acumulan ou resultan coincidentes.

O plan de reforzo da coordinación concibiuse tamén como un instrumento fundamental para levar a cabo a **análise de taxas de avaliación, rendemento, graduación e abandono que se contempla na AM-3** a través das distintas reunións de cada coordinador de curso mantén, tanto co profesorado como co alumnado.

Seguindo as recomendacións do Informe de Avaliación de Renovación da acreditación se incorporaron ao protocolo de coordinación como tarefas propias dos coordinadores de curso, especialmente de primeiro e de segundo, informar ao alumnado dos programas de mobilidade da facultade, así como do seu interese formativo e a importancia do aprendizaxe de idiomas.

A tarefa de uniformización das Guías docentes á que fixemos referencia no apartado anterior representou tamén unha tarefa de coordinación importante realizada durante o curso 2016-17.

Conscientes da relevancia da función de coordinación e da necesidade de mellorala e afianzala o profesorado do centro implicado na coordinación (equipo de goberno e coordinadores de curso) demandou do Programa de Formación e Innovación docente un curso de formación en coordinación horizontal e vertical que tivo lugar no mes de novembro do actual curso académico 2017-18.

Queremos destacar que no centro vense desenvolvendo desde hai varios anos unha actividade conxunta, integrada na programación e avaliación de tres materias do segundo semestre de primeiro curso que se realizou tamén no curso 2016-17. Consiste en traballar coordinadamente contidos e competencias, tanto específicas como transversais, por medio dun cine forum e da presentación posterior dun pequeno traballo individual por parte do alumnado. Esta actividade foi valorada polo docente do curso de formación en coordinación horizontal ao que asistimos como **un caso de boas prácticas** e un modelo adecuado para fomentar a cooperación e a coordinación entre o profesorado.

**1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.



- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Inda que na titulación non se esixe formación previa específica, para o ingreso no grado recoméndase que a formación do alumnado sexa de perfil humanístico, sendo tamén válido o perfil científico. O perfil do alumnado de novo ingreso que podemos observar nos datos de matrícula do curso 2016-17 é maioritariamente o correspondente a un/a alumno/a que provén de institutos galegos (case nunca de outras partes de España ou de Europa) e que cursou maioritariamente a especialidade de Humanidades ou Ciencias Sociais. Aínda así compre destacar a presenza en cursos superiores do Grado de alumnos/as estranxeiros (programa Erasmus e países de Hispanoamérica), así como algúns de outras partes de España (Balears, Castilla La Mancha y Castilla-León). A proporción de estudantes nacionais de fora de Galicia sobre o total de matriculados é do 2,22% (IN09G-PC-05) a proporción de estudantes estranxeiros sobre matriculados é do 1,11% (IN08G-PC-05). A evolución indica unha tendencia descendente do número de estudantes estranxeiros nos últimos anos: 1,75 (curso 2011-12), 2,70 (2012-13), 1,86 (2013-14), 1,16 (2014-15), 1,64 (2015-16), mentres mantense igual a proporción de estudantes nacionais de fóra de Galicia (a evolución desde o curso 2011-12 foi a seguinte: 1,17, 1,08, 1,68, 2,31, 1,64 e 2,22). Tamén hai que sinalar que temos unha proporción significativa de alumnos/as procedentes de bacharelatos de Ciencias e Ciencia e Tecnoloxía, o que permite constatar o carácter interdisciplinar da titulación. No curso que estamos analizando 2016-17, 21 son de Humanidades e Ciencias Sociais, 11 de Ciencias e Tecnoloxía e 2 de artes e deseño. Maioritariamente, trátase tamén de alumnos/as que escollen Filosofía como primeira opción, tendencia que máis ou menos mantense. Así, por exemplo, no curso 2015-16 el 80% do alumnado matriculado o era de primeira opción, mentres que un 12% era de segunda opción. Das 227 solicitudes recibidas, 219 eran de bacharelatos de Galicia, maioritariamente de A Coruña e Pontevedra e 3 de formación profesional. 52 dos alumnos/as solicitantes elixiron Filosofía como primeira opción e 47 como segunda.

A nota media de acceso por preinscripción (IN06G-PC-05) é de 7,15 e aumentou con respecto ao curso anterior, que foi de 6,94. A evolución da nota media foi a seguinte: 7,09 (curso 2011-12), 6,94 (2012-13), 7,24 (2013-14), 7,42 (2014-15), 6,94 (2015-16), 7,15 (2016-17). Hai que lembrar, nos obstante, que a nota máxima de acceso é de 14. Vendo os detalles personalizados dos datos referentes ao alumnado, constátase que, aínda que moitos dos estudantes que acceden aos estudos de Filosofía teñen medias non moi altas, aproximadamente un cuarto do alumnado matriculado accede con notas altas ou moi altas.

No marco da **AM-5** programada para o curso 2016-17 deseñouse un Plan xeral de acollida e orientación de estudantes de primeiro curso consistente en varias accións como son: a atención por parte de alumnos de cursos superiores que exercen de tutores, tutorías personalizadas exercidas por profesorado, e seguimento do coordinador e profesorado de primeiro curso do alumnado que se incorpora nos sucesivos prazos de matrícula que se prolongan con posterioridade ao comezo do curso.

Como xa explicamos no punto 1.2., a **AM-3, deseñada para a análise das taxas de abandono, éxito e rendemento**, permitiu diagnosticar a necesidade de reforzar, especialmente entre o alumnado de primeiro curso, as competencias de lectura e escritura de textos complexos. Isto levounos á planificación, deseño e contratación durante o curso 2016-2017 dun curso sobre "Técnicas de perfeccionamento da comprensión textual e da expresión escrita" (de 25 horas de duración). A través do Servizo de Normalización Lingüística da USC que non podía impartilo por falta de persoal, estableceuse o contacto e encargo a unha empresa externa colabora asidua deste servizo. Formalizouse a solicitude dunha axuda para o fomento da calidade da USC, que foi concedida, e organizáronse os trámites de xestión académica para a súa oferta a principios deste curso.

Na mesma liña de reforzar no alumnado de novo acceso as competencias básicas e necesarias para cursar os estudos de Filosofía durante o curso 2016-2017 ofreceuse tamén ao alumnado de primeiro o curso, asociado a unha das materias, o curso titulado "**Competencias en información na contorna dixital**" (virtual, aproximadamente 8 horas) que imparte a biblioteca da USC.



O Programa de Coordinación do que falaremos no apartado correspondente, no marco do que se desenvolve esta **AM 3 centrada na análise de taxas**, está permitindo constatar que, o carácter interdisciplinar da Filosofía, favorece que, unha gran parte deste alumnado se matricula nesta titulación con carácter tentativo e, en moitos casos, á espera de outras alternativas. Isto produce unha **taxa de abandono** elevada durante o primeiro curso que non pode ser interpretado como expresión de descontento ou dificultades por parte do alumnado y, por tanto como índice de calidade. A través do seguimento do alumnado de primeiro durante o primeiro semestre do curso 2016-17, temos constatado que unha gran parte deste abandono prodúcese xa nas primeiras semanas e que un número significativo de alumnado non chega a presentar os primeiros traballos de avaliación nas diferentes materias, nin mesmo a acudir a clase. En todo caso, tamén se observa un descenso desta taxa de abandono desde o curso 2015-16 no que baixou ao 20% desde índices previos de 26,79 no 2014-15 3 32,35 no 2013-14 e **baixando inda máis o curso pasado 2016-17 que estamos analizando no que se situou en 17,95.**

#### 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

As normativas xerais da USC aplícanse segundo o establecido nelas e contribúen a un axeitado desenvolvemento do título. A páxina web da facultade de Filosofía ofrece información acerca de todo este marco normativo mediante un apartado específico etiquetado como "Normativa" que remite á normativa xeral da USC que rexe os estudos de Grado.

Entre os aspectos normativos aos que se refire este apartado de consideración para o ano 2016-17 debemos destacar a modificación do regulamento para a elaboración do TFG do Grao en Filosofía que se levou a cabo para adaptalo ao novo Regulamento de Tralaballo Fin de Grado da USC (10-3-2016). Este regulamento do Grao en Filosofía, xa aprobado polo Consello de Goberno do 31-1-2017, introduce unha serie de melloras con respecto ao anterior (21-5-2014), baseadas na experiencia acumulada e orientadas a lograr unha xestión máis eficaz do TFG: precisa os procedementos e fixa un calendario que establece os distintos prazos de tramitación ao longo do curso. Estes cambios no regulamento foron, á súa vez, trasladados á Guía Docente para a elaboración do TFG que foi obxecto dunha revisión e nova redacción quedando aprobada pola Comisión de Calidade o 30-6-2017.

Entendemos que a normativa de permanencia debe terse en conta para explicar a **taxa de abandono (RD 1393/2007)** que é bastante alta, por máis que no curso 2016-17 baixou ao 50% desde os índices do 64,71 no curso 2015-16 e 55, 70 no 2014-15, quedando deste xeito na previsión contemplada na MVT. Como xa argumentamos no apartado anterior, a peculiaridade dos estudos de Filosofía atrae a un grupo de alumnado indeciso e non sempre suficientemente motivado ou coas competencias específicas para abordalos. Mentres unha parte deste alumnado abandona durante o primeiro curso, outra parte mantense máis tempo, superando algunhas materias e pasando de curso ata que a acumulación de suspensos noutras, a través das diferentes convocatorias que permite a normativa de permanencia, leva finalmente ao abandono.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na recente Avaliación para a Renovación da Acreditación do Grao de Filosofía a información pública dispoñible foi considerada como un dos puntos fortes do centro. Isto é o resultado do desenvolvemento durante o curso 2016-2017 de accións de mellora que supuxeron unha reestruturación e ampliación moi importante da información publicada respecto das titulacións que imparte.

Dúas das accións de mellora programadas para o curso 2016/17 incidiron directamente sobre este criterio referido á Información e transparencia. Unha delas (**AM 6**) xa rematada, formulouse como "Revisión e posta ao día da información publicada na páxina web da Facultade e inclusión de novos contidos referidos ao proceso de xestión do título e á aplicación do SGIC". A outra, incorporada ás accións de mellora 2016-17 como **AM 1** aínda en proceso de execución, ten a súa orixe no Plan de Viabilidade e supón a utilización da páxina web para difundir contidos relativos á especialidade da Filosofía e dos ámbitos de profesionalización e inserción laboral dos egresados.

Entre os cambios que se fixeron durante co curso 2016-17 na páxina web da Facultade como resultado da execución da **AM6** destacamos os seguintes pola súa directa contribución a comunicar a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade:

Actualización da fotografía da Facultade: figuraba unha fotografía antiga, anterior á última reforma do edificio.

Actualización da dirección da Facultade (figuraban números de fax e teléfono equivocados).

Cambio de localización a un lugar máis visible e mantemento do caixón dedicado a "novidades".

Publicación de todo o relativo a TFG: normativa, formularios, calendarios, tribunáis, etc.

Información básica sobre mobilidade de estudantes e creación de enlaces ao Servizo de Relacións Exteriores para información máis exhaustiva.

Información sobre o programa de acollida e acción tutorial.

Creación dun novo caixón dedicado a "Información académica": ademais da referida a TFG e TFM incluíuse nova información sobre horarios simplificados (difíciles de entender a través de Xescampus), programa de acollida de alumnos, horario de alumnos titores, horario de titorías de profesores e mobilidade.

Publicación da composición de órganos, comisións e cargos unipersoais da Facultade.

Publicación de datos sobre el profesorado de la Facultade (categoría, teléfonos de contacto, e-mail, nº de despacho).

Actualización da composición do equipo administrativo.

Publicación de actas da Comisión de Calidade e Grado.

Publicación das Memorias de Calidade do Centro.

Actualización de todo o relativo a infraestruturas: tanto novas infraestruturas como información sobre o equipamento de cada unha.

Actualización da sección referida á "normativa", tanto propia da Facultade como da USC.

Publicación de información sobre informes de seguimento, Plan de Viabilidade e renovación da acreditación.

Información sobre os grupos de investigación da Facultade.

Actualización, mantemento do SIGC e publicación da última modificación do Manual Simplificado.

Publicación das Guías docentes.

Actualización permanente da sección de “novidades” (premios, concursos de profesorado, eleccións de centro, etc).

O indicador do que dispoñemos relativo á **satisfacción coa información pública** refírese unicamente aos egresados, pero inda así podemos entender que é significativa posto que representa unha valoración da información da que dispuxeron ao longo dos seus anos de formación. Consideramos que estes últimos cambios reflíctense na valoración máxima de 5 acadada neste ítem no curso 2016-17 coa que se culmina a liña ascendente apreciada neste indicador que pasou dunha valoración de 2,40 no curso 2014/15 a 3,33 no curso 2015/16.

Outras accións xestionadas durante o curso 2016-17 en relación con este criterio foron: 1) O proceso para a incorporación á páxina web do centro (rematado este curso 2017-18) dun breve currículo do profesorado en cumprimento co que se nos demandaba no informe de seguimento do curso 2015-16: discusión e aprobación en Xunta de Facultade do formato, solicitude, recepción, corrección e estandarización dos **currículos de todo o profesorado**. 2) O proceso para a **incorporación de material informativo para grupos de interese acerca da filosofía** e dos seus ámbitos de estudio, en desenvolvemento da execución da **AM-1**, do que xa dimos conta no apartado 1.1. e que será proximamente completada.

Debemos referirnos novamente neste apartado á publicación na páxina web da facultade das Guías Docentes de todas as materias, en versión galego e castelán, na medida en que estas achegan unha información moito máis completa e precisas sobre o programa formativo do título.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

No Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación constatábase como un dos "principais puntos fortes do centro" *"unha progresiva mellora na implantación do Sistema de Garantía de Calidade que facilita o seguimento do título"* e valórase positivamente *"a transparencia da propia comisión, evidenciada na publicación na web das actas das reunión de dita comisión"*.

O citado Informe sinalaba igualmente a necesidade de mellorar procedementos que non son responsabilidade do centro, se non que competen á Área de Calidade da USC, polo que foi esta a que formulou as alegacións pertinentes e propuxo acción de mellora enmarcadas no Plan Xeral de Melloras da USC do ano 207-18. Os aspectos sinalados no informe que afectan, por tanto, con carácter xeral a todos os títulos son:

- 1) baixo porcentaxe de participación dos estudantes nas enquisas de avaliación docente (en torno ao 30%) sinalándose a necesidade de deseñar unha acción de mellora para aumentalo así como para lograr que os resultados podan ser coñecidos polos estudantes.
- 2) necesidade de incrementar a participación nas enquisas de satisfacción dos egresados e o PAS.
- 3) inexistencia de mecanismos para avaliar a calidade dos títulos do centro e necesidade de deseñar algún sistema para coñecer a satisfacción dos estudantes respecto aos servizos de orientación, infraestruturas, competencias adquiridas, coordinación xeral, etc...

Polo que respecta á **responsabilidade que compete ao centro** na aplicación dos procedementos actualmente existes debemos destacar a aposta da facultade pola difusión e implantación progresiva dunha cultura de calidade mediante a aplicación dunha serie de **medidas directamente relacionadas cos aspectos sinalados** que están **contribuíndo** tamén á mellora. Así desde a secretaría do centro envíanse correos electrónicos como recordatorio dos que se envían desde a Área de Calidade, advertindo aos distintos grupos de interese da apertura e peche dos diferentes prazos para a elaboración das enquisas, nos que se resalta a importancia de que participen activa e responsablemente na súa elaboración. No caso de alumnado esta insistencia realízase a través dos coordinadores de curso unha de cuxas tarefas consiste en explicar ao alumnado o sentido das diferentes preguntas e dos diferentes ítems así como a importancia que ten que a realicen. A eficacia destas medidas exprésase nun claro aumento dos índices de participación de todos os grupos durante o curso 2016-2017 que consignamos no apartado correspondente. Nesta liña o protocolo de coordinación de cursos implantado no centro sitúa a enquisa de satisfacción e as preguntas que plantexa como unha ferramenta metodolóxica fundamental de recollida de información cualitativa sobre os aspectos que considera a enquisa, así como para levar a cabo a **AM3 orientada a análise das causas das taxas de abandono, eficiencia, rendemento e avaliación**. Así a dinámica das distintas reunións de coordinacións que se levan a cabo tanto co profesorado como co alumnado baséase na toma en consideración dos aspectos que contempla a enquisa de cara a detectar disfuncións ou problemas en relación cos que se poden adoptar dinámicas de mellora.

Neste sentido, o programa de coordinación funciona como procedemento que permite **detectar problemas e recoller suxestións en primeira instancia**, sendo o procedemento establecido pola USC unha segunda instancia enmarcada na normativa específica, tamén dispoñible para todo o alumnado, da que non se fixo uso o curso pasado.

### 3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Consideramos que un índice de eficacia da aplicación do SGIC no centro son os resultados positivos obtidos, tanto no Plan de Viabilidade como na Avaliación para a Renovación da Acreditación. Neste último introducíase a seguinte **observación adicional con carácter xeral**: *“Se han aportado abundantes evidencias e indicadores del desarrollo del título y se ha hecho un esfuerzo de reflexión en el autoinforme presentado. El centro es consciente de sus áreas de mejora y hay mecanismos activados para ir solucionando los problemas detectados. Se han realizado esfuerzos notables para atender las recomendaciones recibidas en los distintos informes de seguimiento y de viabilidad del título”.*

Durante o curso 2016-17 desenvóléronse unha serie de accións de mellora enmarcadas no Plan de Viabilidade que se puxera en funcionamento o curso anterior 2015-16 e que podemos correlacionar cun incremento moi significativo da matrícula no presente curso 2017-2018 que chegou a 73. Este incremento que xa se expresou nos 55 alumnos do curso 2016-2017 levou á Xunta de Galicia a deixar en suspenso a aplicación deste plan, inicialmente prevista ata o curso 2017-18, ao dar por acadados os seus obxectivos. En todo caso, algunhas destas accións de mellora quedaron consolidados como procedementos propios do funcionamento no centro mentres que outras pasaron a incorporarse ás accións de mellora do curso 2017-18 coa intención de dar continuidade a dinámicas xa iniciadas de indubidable interese para a mellora do título.

No Informe de Avaliación para a Renovación da **Acreditación** recoñécese como punto forte “a mellora na implantación do SGC” e valórase positivamente “a transparencia da comisión evidenciada na publicación na web das actas das reunión”.

Seguindo as recomendacións deste informe no marco da **AM-2** continuamos traballando na ampliación dos grupos de discusión cos egresados e dando pasos para a creación dun comité consultivo permanente para dar maior presenza e consistencia á participación tanto de egresados como de empregadores no SGIC do centro.

### 3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O actual equipo de goberno da Facultade, desde a súa incorporación en xuño de 2016, adoptou unha serie de medidas orientadas a acadar unha xestión máis eficaz do SGIC e a reforzar a súa capacidade de control da calidade dos diferentes procesos que a integran. Entre estas medidas subliñamos a asunción **como tarefa central e específica por parte do vicedecanato da dirección e xestión da calidade**, así como a **unificación das Comisións de Grado e Calidade**, nunha única comisión de Grao-Calidade. Considerouse que, dado o tamaño pequeno da nosa facultade, isto contribuiría a reducir o número de reunións e a favorecer a economía de tempo e esforzo das persoas que participan nelas,

propiciando á par unha xestión unificada e coordinada das accións. Entre estes cambios cabe consignar tamén o nomeamento dun **novo coordinador do Grao** que se produciu a final de curso, con data de 4-05-2017, unha vez finalizadas as responsabilidades e tarefas do coordinador anterior no proceso de renovación do Grao que deu así por completado un ciclo de dedicación persoal a este traballo de xestión.

Nesta comisión unificada están representados todos os grupos de interese, estando constituída por: o decano, a responsable de calidade (**vicedecana de Calidade**), os coordinadores de Grao e Máster, o director do departamento de Filosofía e Antropoloxía social, un membro do PAS (a Responsable da Unidade) e tres alumnos, dous do Grao e un do Máster.

A nova estrutura de xestión do SGIC permitiu levar a cabo durante o curso 2016-17 unha revisión e mellora do proceso de **Planificación** que preside e controla todos os demais procesos integrados no mapa do SGIC. Seguindo as recomendacións dos Informes de Seguimento do Grao, e co asesoramento da Área de Calidade da USC, introducíronse cambios e melloras nos seguintes procesos que afectan a todos os títulos impartidos na Facultade e que, xa que logo, repercutiron moi positivamente sobre a xestión de calidade do grao: 1) A coordinación das distintas tarefas integradas na **Planificación das Ensinanzas** veuse favorecida pola unificación dos dous departamentos dos que dependía a docencia do Grao, así como pola presenza da Dirección do novo Departamento na Comisión de Calidade. Revisáronse e unificáronse todas as guías docentes, tanto do grao como do máster, especificando con máis claridade os aspectos referidos á avaliación e ás competencias contempladas nas MTVs.

2) Polo que se refire á **Docencia**, desenvolvéronse melloras en todas as tarefas contempladas neste proceso. Así, a execución da primeira fase do Plan de Viabilidade durante o curso 2015-16 veuse reflectido na captación de estudantes durante o curso 2016-17 no que continuou o ascenso de matrícula iniciado no 2015-16 de 51 a 55. O programa de acollida, acción tutorial e reforzo da coordinación de cursos que se puxo en marcha ten repercusión positiva sobre a docencia ao achegar información sobre problemas e elementos disfuncionais.

3) En canto ao **Apoio da actividade docente**, subliñaríamos toda a mellora do control dos documentos e rexistros que foi posible grazas á estabilización do cadro de administración mediante a incorporación da figura da Responsable de Unidade do Centro con carácter estable. Isto fixo posible á súa vez a mellora de 4) A información pública que se concretou nunha actualización da páxina web da Facultade e a incorporación de toda a documentación prevista polo propio SGC, do que dimos conta no apartado 2.1.

5) En canto ao proceso de **Medición, análise e mellora** constatase no curso 2016-17 un incremento da participación dos grupos de interese nas enquisas de satisfacción, resultado da información que se está difundindo sobre a súa importancia.

Así, a taxa de resposta á enquisa de satisfacción do alumnado aumentou considerablemente, desde o 33,33 do curso 2015-16 ao 42,16 no curso 2016-17. Inda que en menor medida subiu igualmente o índice de satisfacción do alumnado coa docencia recibida de 3,61 a 3,73, e moi significativamente o grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación, de 3,40 a 4,55. Nesta liña, o Informe da Avaliación para a Renovación da Acreditación destacou a valoración positiva da formación que se imparte no grao transmitida polos colectivos entrevistados *"tanto a nivel académico como a nivel de adquisición de outro tipo de competencias transversales"*.

A porcentaxe de participación do profesorado na enquisa de satisfacción coa docencia impartida aumentou progresivamente de maneira moi significativa (INF, 14) subindo desde os cursos 2012-13 e 2013-14 nos que se atopaba situada en 4,17 e 8 respectivamente ata 65,22 no curso 2016-2017. A taxa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida baixou lixeiramente de 3,96 a 3,74 e, inda que non resulta moi significativa, entendemos que pode estar relacionada coa sobrecarga docente que se produce en algunhas áreas á que nos referiremos no criterio 4. Polo que respecta á taxa de participación do PAS no curso 2016-17 situouse no 80,00 e o índice de satisfacción no 3,61.

A **AM 2** céntrase na creación de grupos de discusión con egresados de cara á súa participación na mellora continua da titulación. Durante o curso 2016-2017 leváronse a cabo encontros con docentes de ensino secundario. Durante este curso 2017-18 se realizarán con egresados situados en ámbitos diferentes á docencia estudándose a posibilidade de constituír un comité de egresados tal e como contempla a acción.



## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

**Estándar:** O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2016-17 a redución progresiva da plantilla de profesorado que se viña producindo desde o curso 2008/9, resultado de 9 xubilacións, tocou fondo e comezaron a introducirse algunhas medidas orientadas á reposición de algunhas prazas. No noso Autoinforme de Seguimento para a Renovación da acreditación dábamos conta da situación, pola que se ven afectadas, sobre todo, as áreas de Filosofía e Antropoloxía Social. Afirmábase que, se ben a capacidade docente desta plantilla permite asegurar a impartición do título, as xubilacións de profesorado cualificado, sen unha reposición de prazas axeitadas que aseguren o recambio xeneracional, supón unha perda de especialización que obriga ao PDI a realizar un gran esforzo para asegurar a calidade docente.

Pola súa parte o Informe de Avaliación resaltaba, entre os puntos fortes que *"el grado está sostido por profesorado cualificado"*, se ben constataba a *"excesiva carga docente"* incluíndo entre os *"aspectos de obrigado cumprimento (...) o reforzo da plantilla con profesorado axeitado, dado que a situación está afectando á calidade da docencia impartida"*. Destacaba non obstante que *"se observa la implicación por parte del profesorado con la implantación de actividades extracurriculares, como los grupos de lectura, muy apreciados en el proceso de aprendizaje, así como las jornadas de Filosofía"* (en referencia a la celebración del Día de la Filosofía convocado por la UNESCO).

O número de PDI do Departamento de Filosofía e Antropoloxía no curso 2016-17 con docencia no Grao de Filosofía era:

3 Catedráticos de Universidade

9 Titulares de Universidade

1 Contratado Doutor

4 Interinos por Vacante

2 Profesores Asociados

Neste mesmo curso creáronse dúas prazas de Contratado Doutor para posibilitar a estabilización de 2 das 4 prazas de Interinos por Vacante para as áreas de Filosofía e Filosofía Moral.

A porcentaxe de persoal docente e investigador (PDI) con sexenios sobre PDI total é 85,71 (superior á media da USC situada en 82,34) (IN24G-PS-01). A porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total (IN25G-PS-01) é 85,71 (sendo a media da USC de 86,43) o que representa unha lixeira baixa respecto ao curso anterior debida á substitución da baixa por xubilación do catedrático da área de Antropoloxía por unha praza de Asociado P6 ocupada por unha profesora non doutora. A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (IN26G-PS-01) é de 66,67 algo superior á media da USC (64,75) como corresponde á media de idade elevada da plantilla.



Destacamos o aumento considerable que experimentou ao longo dos cursos a porcentaxe de participación do profesorado nas Enquisas de Satisfacción coa Docencia impartida (INF, 14) que atribuímos á progresiva implantación da cultura de calidade no centro e o compromiso do profesorado coa mesma. Así, a progresión dos porcentaxes de participación desde o curso 2013-14 ata o 2016-17 foron: 4,17/ 8,37,5/ 59,09 e **65,22 neste último curso**.

Pola contra, polo que se refire á satisfacción do profesorado coa **docencia impartida**, a cifra experimentou un descenso desde o curso 2013-14 no que era 4,09, situándose desde entón sempre un pouco por debaixo do 4, e concretamente no **curso 2016-17 en 3,74**. Consideramos que podemos atribuír este descenso, entre outros posibles factores, á situación de sobrecarga de traballo á que nos temos referido.

Durante o curso 2016-17 no marco da **AM- 7** orientada a incentivar a mellora continua do profesorado en cursos de innovación docente organizáronse dous cursos de formación, un deles titulado I Encontro Interacadémico de Ensinantes de Filosofía (PFID. 16far-05) e outro dedicado a Dinámica de Grupos (PFID.16far-11). O índice de satisfacción do PDI coas **actividades formativas desenvolvidas** ( IN28-PS-01) é de 4,35 no que se inclúen, tanto estes cursos organizados na propia facultade como outros realizados polo profesorado dos que ofrece anualmente o PFID da USC.

A porcentaxe de profesorado do grao en **programas de mobilidade** (I-10) é de 4,35 manténdose en valores aproximados desde o ano 2011-12 nos que se observa unha oscilación entre o 4 e o 4,76.

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

No Informe de Avaliación para a Renovación de acreditación valora entre os **principais puntos fortes** do centro que o PAS é "*adecuado a las características y al número de titulaciones*". Durante o curso 2016-17 non se produciron cambios na plantilla de PAS do centro. Na liña desta valoración, pódese dicir que, dadas as dimensións físicas e o número de títulos da Facultade de Filosofía o número e composición de persoas que a integran é axeitada. Trátase ademais dunha plantilla cualificada e eficiente, que contribúe notablemente á calidade dos servizos que desde o Centro se aseguran en relación co Grado de Filosofía, tanto para docentes e investigadores, como para estudantes e para persoas interesadas na oferta de actividades que se organizan en relación con ese título.

Datos de evolución da plantilla de PAS da Facultade de Filosofía (2008/09 a 2016/17)

Unidad	Puesto	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Biblioteca	Dirección Biblioteca (compartida con Fac. de Xeografía e Hª)	1	1	1	1	1	1	1	1	1
Biblioteca	Axudante de biblioteca	1	1	1	1	1	1	1	1	1
Biblioteca	Auxiliar Arquivo, Biblioteca e Museo	2	2	2	2	2	2	2	2	2
Conserxería	Conserxe (compartido con Fac. de Xeografía e Hª)	1	1	1	1	1	1	1	1	1
Conserxería	Auxiliar Téc. Informático	1	1	1	1	1	1	1	1	1
Conserxería	Oficial de Servizos(*)	1	1	1	1	1	1	1	1	1
Sª administ. dpto.	Secretario Administrativo	2	2	2	2	2	2	1	1	1
Unidade apoio xestión centro e dptos.	Responsable de Unidade(**)	1	1	1	1	1	1	1	1	1
Sª adtiva. Decanato	Secretario Administrativo	1	1	1	1	1	0	1	0	1
Asuntos económicos	Responsable Asuntos Ec. (compartido con Fac. de Xeografía e Hª)	1	1	1	1	1	1	1	1	1

(\*) Do 2008 ao 2013, categoría profesional: Auxiliar de servizos

(\*\*) Do 2008 ao 2012: compartido con Facultade de Xeografía e Historia  
Datos a 31/12 do respectivo año

O persoal de Administración e Servizos mostra interese pola mellora da súa formación. Proba disto é que a participación do PAS da facultade nos Plans de Formación incrementouse porcentualmente desde o 27,30 do curso 2011-12 ao 45,5 do curso 2015-16. Durante o curso 2016-17 o índice de participación en cursos organizados pola USC foi 20, se ven hai que ter en conta a formación recibida a través da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) que, mediante convenio, ofrece cursos ao PAS da USC, nos que o persoal que xestiona o decanato da facultade participou cun total de 555 horas.

En canto á satisfacción coas actividades formativas desenvolvidas (IN28-PS-01) esta foi de 3,91, mentes que a satisfacción co seu traballo (IN49C-PS-01) de 3,61. É de destacar, como un índice do seu compromiso coa xestión do SGIC do centro, a participación do PAS na enquisa de satisfacción no curso 2016-17, que acadou a cifra de 80% cando nos cursos anteriores fora unicamente de 9,1% e 12,2%.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revisase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En xeral, entendemos que os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e do profesorado do título son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, en función da modalidade presencial do título e das competencias a adquirir polos estudantes segundo as previsións da memoria verificada.

Compre salientar que no Informe de avaliación para a renovación do Grao en Filosofía sinalouse como un dos puntos fortes do Centro "os recursos materiais, infraestruturas e servizos, destacando os recursos bibliográficos", e constatando igualmente "o apoio e atención que se presta a estudantes con diversidade funcional e necesidades educativas especiais".

Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os seguintes:

A Facultade de Filosofía ten a súa sede no edificio histórico da praza de Mazarelos, consta de 5 plantas, incluído o andar -1 destinada á Biblioteca do Centro. A planta baixa, primeira, segunda e terceira están destinadas a aulas, seminarios, despachos do persoal administrativo e de servizos, e do persoal docente e investigador e dependencias como:

5 aulas con capacidade de entre 64 a 87 postos

6 seminarios con capacidade de 20 persoas

Todos eles dotados de medios técnicos como pantallas de proxección, ordenadores, monitores, altosfalantes e encerado.

Salón de Actos: con capacidade para 160 persoas, con conexión de rede, 1 ordenador, 1 canón de vídeo, 1 micrófono inalámbrico, 1 pantalla de proxección e 3 altosfalantes;

Sala de Xuntas: con capacidade para 24 persoas, con conexión de rede, 1 ordenador, 1 canón de vídeo, 1 micrófono inalámbrico, 1 pantalla de proxección e 1 sistema de videoconferencia;

Local de estudantes: con capacidade para 14 estudantes e con conexión de rede, 1 ordenador e 1 encerado;

Sala Hipatia: sala múltiple, con capacidade para 38 persoas, con conexión de rede, 1 canón de vídeo, 1 pantalla de proxección e encerado.

Biblioteca: polo seu papel fundamental no apoio da docencia, estudo e investigación, merece unha mención especial. Conta cun persoal competente e involucrado na súa mellora profesional. Dispón de 90 postos de lectura e dunha colección de recursos en acceso aberto pertinentes para o currículo do Máster, consistente en: 41.367 volumes de monografías, 617 títulos de revistas en coleccións abertas e pechadas, e 44 de revistas electrónicas (consignando unicamente os títulos nos que aparece especificamente a palabra Filosofía) accesibles a través do portal Pórtico. Segundo o indicador EA5, o número de fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados directamente coa temática do título é de 998, moi alto en relación con outras titulacións que teñen moito máis alumnado.

A Biblioteca promove ademais cursos e ferramentas de formación. Ten páxina web propia e equipamento tecnolóxico accesible aos usuarios, así como espazos de estudo adecuados tanto en instalación como en número de postos de lectura. Está involucrada na mellora constante da súa calidade a través da optimización dos servizos, das ferramentas que dan acceso aos contidos e na difusión das súas coleccións.

**Entre as melloras realizadas en infraestruturas e servizos, así como de atención ao estudante durante o curso 2016-17 destacamos:**

**Infraestrutura ampliada e mellorada da interconectividade WIFI en todo o edificio:**

Unha parte fundamental dos recursos da Facultade foron dedicados á mellora e extensión do sistema WIFI que presentaba lentitude e dificultade de conexión en algúns puntos cegos do edificio. Unha vez localizadas estas deficiencias procedeuse á adquisición e instalación en localizacións estratéxicas de 7 puntos de acceso Huawei AP-5030DN co seu correspondente cableado. Esta mellora supuxo un notable incremento tanto da velocidade como da cobertura de espazos para a conectividade, a cal é máxima neste momento, tanto nos despachos como nos espazos pechados e abertos do Centro.

**Infraestrutura ampliada e mellorada da conectividade eléctrica á rede do edificio:**

O emprego masivo dos medios de comunicación dixital, como ordenadores portátiles, smart-phones, tablets, etc, de pleno uso por parte dos nosos estudantes, requiriu a mellora da infraestrutura de acceso á rede eléctrica na aula 4, a máis grande do aulario do Centro. Isto supuxo outra mellora e unha inversión tamén importante na instalación de regretas con varias conexións eléctricas externas que permiten a carga e recarga dos dispositivos dixitais dos nosos estudantes.

**Creación do novo espazo Sala Hipatia:**

Este novo espazo, anteriormente dedicado á aula de informática, configura unha sala múltiple con capacidade para 38 persoas e dotada da súa infraestrutura correspondente. En conexión coas accións e iniciativas que promove a Comisión de Igualdade do Centro considerouse importante outorgar a este espazo especial o nome dunha muller, figura de relevancia histórica e distinguida filósofa.

**Servicios a disposición dos estudantes:**

Habilitouse un local para estudantes dotado de 2 ordenadores, 1 neveira, 1 cafeteira y 1 micro-ondas.

Adquisición de equipamento informático para el préstamo: se compraron dous ordenadores portátiles que están dispoñibles na biblioteca do centro para préstamos desde xaneiro de 2016.

**Programa de acollida aos novos estudantes e acción titorial:**

No curso académico 2016-17 o programa de acollida para estudantes de primeiro curso reforzouse mediante o programa de alumnos titores e o programa de titorías personalizadas. O primeiro enmárcase no programa A Ponte da USC para facilitar a incorporación do alumnado de primeiro curso. O programa de titorías personalizadas contempla a asignación dun profesor titor a cada estudante do que pode solicitar asesoramento ao longo do seu proceso formativo. Este programa estivo en funcionamento hai algúns anos pero foi suprimido porque o alumnado

non facía uso do mesmo. Seguindo as recomendacións do Informe de seguimento do curso 2014/15 estimouse a conveniencia de reeditalo como un recurso máis do que o alumnado pode dispoñer voluntariamente, o que favorece unha atención personalizada que pode axudar a resolver situacións concretas. Á vez trátase de fomentar vías de comunicación entre o profesorado e o alumnado que permita identificar debilidades académicas ou formativas así como formas personalizadas que permitan enfrontadas, tales como coñecemento de idiomas, visión clara e de conxunto sobre a especialidade, expectativas laborais de futuro, etc.

#### **Plan de reforzo da coordinación de cursos:**

Este plan, do que xa temos falado en apartados anteriores está orientado a detectar e corrixir deficiencias ou problemas mediante as reunións periódicas celebradas entre os coordinadores de curso, o profesorado e representantes do alumnado de cada curso. Nesta estrutura de coordinación horizontal e vertical enmárcase a **AM-3** orientada a analizar as taxas de resultados e a buscar solucións. Os cursos de formación para o reforzo de competencias dirixidos ao alumnado de primeiro dos que xa dimos conta e a acción de mellora **AM6** para a realización dunha enquisa sobre o proceso de realización do TFG, son algunhas das medidas adoptadas a partir deste programa de coordinación.

#### **Accesibilidade, seguridade e medio ambiente:**

O edificio histórico sede da Facultade de Filosofía cumpre todos os requisitos legais en canto a accesibilidade de persoas con discapacidade física, con ramplas de acceso e de saída ao Centro, así como con baños en cada unha das plantas. Animismo, o Centro sigue a normativa para a recollida de materiais biolóxicos, papel, CDs, lámpadas fluorescente e pilas segundo o plan de desenvolvemento sostible da USC.

Destacamos a alta valoración que recibe por parte do profesorado o material e servizos de apoio á docencia considerando que son axeitados para o desenvolvemento das materias que explica (INF, 14) que acada un 4,75 así como os recursos (soportes multimedia, TCs, aulas e/ou laboratorios, etc... que acada un 4,70.

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### 6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Consideramos que se están cumprindo, tanto os obxectivos manifestados na MVT, como as competencias xerais, establecidas de acordo co Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES), así como tamén as específicas. Entre as competencias xerais está que os alumnos sexan capaces de transmitir coñecementos, ideas, problemas e solucións ofrecidas polas diferentes disciplinas filosóficas e facelo dunha forma que se conecta cos problemas actuais. Entre as específicas, que o alumnado pode expresar, presentar e explicar con claridade e precisión argumentos. Ademais, ten que amosar capacidade de analizar e sintetizar, argumentar loxicamente, reflexionar e deliberar sobre termos éticos, capacidade de comunicación, debate e diálogo, sendo quen de organizar a información, tomar decisións e resolver problemas, desenvolver o pensamento crítico, acompañado dun compromiso ético e un sentido social, fomentando a cooperación e a mediación. A participación do alumnado nas sesións interactivas, nas que teñen que expoñer traballos ou comentar textos seleccionados, favorece a adquisición destas competencias. Ademais, a obriga de facer un TFG e defendelo publicamente ante un tribunal formado por tres profesores tamén permite reforzar esas habilidades, así como avaliar o nivel de adquisición das mesmas. O progresivo incremento do uso do Campus Virtual por parte do profesorado está resultando ser un apoio importante para reforzar o traballo persoal do alumnado, por exemplo, mediante a creación de foros de discusión e realización de exercicios en grupo que se está dando en algunhas materias. Todo isto leva a unha adquisición máis eficaz e segura dos obxectivos establecidos no Informe de Grado e polo MECES.

Máis particularmente, debemos ter en conta que a **taxa de éxito é alta** e mostrou unha tendencia ascendente desde o curso 2011-12. Desde 2011-12, a taxa de éxito estaba subindo significativamente por enriba do 80%, situándose en 86,62% o ano 2016-17. Confírmase tamén unha tendencia alcista na **taxa de rendemento** (IN34G-S01-PM-01), dando a maior media durante 2016-17 (69,22%). Hai que lembrar que a taxa de rendemento é a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os/as estudantes e o número total de créditos ordinarios nos que se matricularon. E a taxa de éxito é a relación entre o número total de créditos ordinarios superados e o número total de créditos aos que se presentaron. Na sección seguinte (7.1), podemos ver con máis detalle estes datos.

Ademais, o **grao de satisfacción dos alumnos é alto**. Abaixo na táboa, pode verse que o grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación incrementouse en relación con cursos pasados. E o grao de satisfacción do alumnado coa docencia é tamén alto (máis alto que os cursos precedentes). Dentro da valoración do alumnado coa formación recibida, é preciso distinguir entre formación teórica e práctica. O grao de satisfacción coa formación teórica é moi alto e aumentou significativamente ao longo do tempo (do curso 2013-14). Con todo, o grao de satisfacción coa formación práctica é moi baixo e, de feito, mostrou unha tendencia descendente. A razón disto é, obviamente, que non temos implantado un sistema de prácticas no Grao de Filosofía. Con todo, no marco das accións de mellora que están en marcha, estamos estudando a posibilidade de establecer acordos con institucións e empresas que permitan ofrecer prácticas externas para estudantes de Filosofía (Plan de Mellora cf. AM- 04 Curso 2017-18) mediante convenios con empresas ou institucións. Neste sentido, estímase que esta acción pode contribuír a fortalecer o título así como a empregabilidade dos titulados, como resultado dunha maior conexión co mundo dos negocios e institucións.

Por outra banda, é importante resaltar a satisfacción dos estudantes coa adquisición e potenciación da súa capacidade de aprender de forma independente, o seu pensamento crítico, as súas habilidades de comunicación oral e escrita, a súa capacidade de traballar en equipo, a súa capacidade de analizar e os seus coñecementos. A autopercepción acerca da capacidade de transmitir información é moi notable, aumentando significativamente a media do centro (agora está en 4 ou 5 para cada un destes aspectos) e supera a media universitaria.

En xeral cómpre sinalar que o grao de satisfacción do alumnado coa titulación aumentou en relación aos cursos anteriores (o curso do 2016-17 atópase en 4.55). A continuación, pódense ver os detalles desta evolución na seguinte táboa, onde tamén rexistramos o grao de satisfacción do profesor coa docencia impartida:

Código	Nome	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
IN42G-S01-PM-01	Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	-	0,00	3,00	2,39	3,31	4,55
IN46G-S01-PM-01	Satisfacción do alumnado coa docencia	3,54	3,47	3,64	3,45	3,61	3,73
IN47G-S01-PM-01	Satisfacción do profesorado	-	-	4,09	3,69	3,96	3,74


Observando o informe dos resultados da enquisa de satisfacción do curso 2016-17 (G5031V01; RUCT 2.500.758) advírtese que a avaliación da docencia recibida é positiva, preto da clasificación media da USC (unha media de 3,73, a máis alta desde o curso 2011-12). A participación na enquisa por parte do alumnado acadou no curso 2016-17 a taxa máis alta dos anos avaliados (42,16%), probablemente debido á insistencia dos coordinadores e profesores de cada disciplina comprometidos co SGIC.

A satisfacción media relativa ás competencias adquiridas é preto da media global da USC (2,78 contra 3,20 da media da USC) e a satisfacción respecto á planificación e desenvolvemento docente (organización temporal, de información dispoñible, de desenvolvemento de ensino, etc.) mostra unha media elevada e, na maioría dos casos, supera a media da USC. Así, por exemplo, a media obtida na avaliación do ítem "explica o programa da materia" é 4,10, a puntuación media na avaliación do ítem "cumpre co programa" é 4,08, a media obtida na valoración do ítem "é útil o material de apoio" é de 3,83 e a media obtida na valoración do elemento "a axuda recibida nas titorías foi útil" é de 4.05. A media obtida na avaliación global de satisfacción co profesor tamén é bastante elevada, un 3,68. Todo isto indica que a valoración do corpo docente mantense bastante elevado, sempre por riba de 3 e agora é próximo a 4.

A seguinte gráfica mostra esta tendencia lixeiramente ascendente:

Curso académico	2012/2013	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
<b>Valoración global</b>	3.47	3.64	3.45	3.61	3.73
<b>Porcentaxe de participación</b>	26.42	28.57	31.82	33.33	42.16





Por último, os datos sobre a satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF 14) tamén son positivos, tanto en relación ao nivel de participación do alumnado en clase como en referencia ao uso de titorías e actitude de interese (amosado medias que varían entre 2,91 e 4,70). De todo isto, séguese que os resultados de aprendizaxe académica están en liña cos obxectivos fixados.

Moi especialmente, tense que tomar en consideración a necesidade de potenciar a formación práctica e a conexión dos estudos do Grao de Filosofía cos problemas máis prácticos e os retos máis inmediatos da nosa sociedade. Neste sentido, e como se sinalaba máis arriba, acordouse levar a cabo a acción de mellora AM-04 (curso 2017-18), que supón o establecemento de convenios con institucións e empresas para ofertar prácticas externas aos noso estudantado. Tamén no sentido de mellorar os resultados da titulación vai dirixida a acción de mellora AM-03 (curso 2017-18), que continúa respecto do ano anterior, cando se iniciou. O equipo formado pola responsable de calidade e os coordinadores de curso, así como polo coordinador do título, debe seguir explorando as causas do abandono en sucesivos informes de coordinación e da comisión de calidade (véxanse as taxas de abandono que se indican no seguinte apartado), así como do baixo rendemento e éxito do alumnado nalgunhas materias. Os informes dos coordinadores serán neste punto de gran utilidade e habemos de indicar que, xa nestes momentos, as sucesivas reunións de coordinación están a permitir melloras significativas á hora de detectar problemas puntuais con determinadas materias. A estas dúas accións de mellora hai que engadir unha nova, a AM-06, que prevé a realización dunha enquisa de satisfacción por parte do alumnado relativa ao TFG, xa que ata agora non se dispoñían de datos respecto diso. Estímase que dita enquisa permitiranos establecer un diagnóstico sobre o grao de éxito e satisfacción do alumnado relativo á realización do TFG e a súa defensa, o cal nos permita á súa vez explicar o dato, ata certo punto preocupante, de que parte do noso alumnado non presenta o TFG no momento que corresponde. A información xeral obtida destas accións centradas na análise de resultados terase en conta para a revisión e mellora do plan de estudos para a que se constituíu un grupo de traballo no marco do Plan de Viabilidade.

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### 7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Á luz das estatísticas relativas ao curso 2016-17 para o grao de Filosofía, recibíronse 227 solicitudes de admisión, das cales foron admitidas 70. Máis arriba neste informe indicouse que tipo de perfil de alumnado resulta predominante e incidíuse na dimensión interdisciplinaria do mesmo. Indiquemos tamén aquí que o 2,22% ( IN09 G- PC-05) dos matriculados proceden doutros lugares de España fóra de Galicia e que o 1,11 ( IN08 G- PC-05) é a porcentaxe de alumnos/as estranxeiros/as (datos relativos sempre a 2016-17). A relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre o total de prazas ofertadas é de 61,54%.

O dato máis importante que cabe constatar é que o número de alumnos/as non decae senón que aumenta, excedendo o límite esixido pola Xunta de Galicia, e iso a pesar de que a LOMCE deixou á filosofía nunha mala posición, situando a materia de Historia da filosofía, tradicionalmente obrigatoria, como unha materia optativa, mentres que só Filosofía era obrigatoria en 1º de bacharelato. Esta situación cambiou na actualidade, pois o movemento iniciado en varias autonomías terminou por render na comunidade galega, ata o punto de que recentemente a Xunta de Galicia pasou a situar a Historia da Filosofía como obrigatoria para os que cursan o bacharelato de Humanidades (optativa para o resto). Espérase, en consecuencia, que esta nova situación poida resultar beneficiosa en xeral para a titulación nos próximos anos, tendo en conta que, ademais, as campañas en favor da filosofía, que incluíron a presentación de firmas no Parlamento de Galicia, parecen chamar a atención sobre os estudos desta titulación, o seu carácter transversal e a súa importancia para a formación dentro dunha tradición humanística.

A continuación, pasamos a apuntar algúns indicadores de resultados que consideramos especialmente significativos. A taxa de rendemento no curso 2016-17 foi do 69,22%, superando os cinco anos anteriores ( IN34 G- S01- PM-01). A taxa de éxito foi do 86,62%, superando case todos os anos anteriores (excepto o curso 2014-15, onde a taxa foi só lixeiramente superior) (IN35 G- S01- PM-01). A taxa de avaliación é do 79,92% e a taxa de graduación do 25% (IN36 G- S01- PM-01 e IN37 G- S01- PM-01). Outros datos importantes a ter en conta son a taxa de idoneidade na graduación (16,07%) e a taxa de eficiencia dos egresados (93,12%). En xeral, en todos estes indicadores supéranse amplamente as porcentaxes do curso anterior (2015-16). A continuación indícanse os datos da taxa de rendemento e a taxa de éxito desagregadas por curso e por ano académico, co cal se poderá ver a evolución das porcentaxes desde o curso 2011-12:

#### Evolución da taxa de rendemento:

	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
1º curso	44,26	54,84	60,20	50,38	50,68	55,66
2º curso	63,80	62,00	66,25	77,92	70,00	75,06
3º curso	64,75	79,38	73,81	71,71	77,49	85,14
4º curso	0,00	93,05	85,44	76,65	74,69	77,68
Sen asignación a curso	83,33	7,69	42,11	77,78	73,33	92,41
<b>Total (%)</b>	<b>53,41</b>	<b>63,44</b>	<b>68,60</b>	<b>66,94</b>	<b>64,86</b>	<b>69,22</b>

#### Evolución da taxa de éxito:

	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
1º curso	68,30	75,79	80,09	77,71	74,34	93,59
2º curso	81,46	83,19	82,05	92,08	86,82	92,41
3º curso	86,96	87,84	90,15	89,11	91,20	79,35
4º curso	0,00	100,00	95,85	96,10	92,31	86,53
Sen asignación a curso	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	93,63
<b>Total (%)</b>	<b>75,71</b>	<b>81,94</b>	<b>85,81</b>	<b>87,99</b>	<b>84,60</b>	<b>86,62</b>

Para ver a relación destas taxas con outros indicadores, véxase esta táboa, onde se fai constar a taxa de avaliación e a taxa de graduación, así como a duración media dos estudos:


	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
Taxa de rendemento (%)	53,41	63,44	68,6	66,94	64,86	69,22
Taxa de éxito (%)	75,71	81,94	85,81	87,99	84,6	86,62
Taxa de avaliación (%)	70,55	77,43	79,94	76,08	76,66	79,92
Taxa de graduación (%)	-	-	21,95	20,25	14,71	25,00
Duración media dos estudos	-	4	4,33	4,69	4,89	4,53
Eficiencia dos titulados	-	95,9	93,19	91,77	-	-

Constátase que as taxas de rendemento, éxito e graduación tenden a incrementarse, aínda que iso non estea necesariamente relacionado cun aumento da calidade docente, pois o incremento en cuestión pode deberse a multitude de factores, sendo a docencia uno máis entre eles. Isto xa se facía notar no informe de renovación da acreditación do título (2017). Vendo os indicadores con máis detalle e por materia, constátase que as baixas taxas de rendemento nas materias adoitan vir relacionadas cunha alta proporción de non presentados. Por outra banda, constátase que a duración media dos estudos aumenta lixeiramente ano tras ano, aínda que a media do curso 2016-17 baixa algo en relación coa do curso anterior. Isto pode deberse á prolongación no tempo da presentación e defensa do TFG por parte dalgúns/ as estudantes e tamén ao feito de que o alumnado ten numerosas oportunidades para presentarse ás distintas convocatorias de cada materia. Outro factor a ter en conta é a demora por parte o alumnado en realizar o exame de lingua estranxeira, condición indispensable para a obtención o título.

En calquera caso, o grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación vai en aumento, como se deixa constatar na seguinte táboa e a gráfica que a acompaña:

**Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación:**

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
<b>Total</b>	-	3,00	2,47	3,40	4,55



Non obstante, son relativamente alarmantes a taxa de abandono durante o primeiro ano, que foi do 17,95% (IN40G-S01-PM-01) e, sobre todo, a taxa de abandono RD1293 / 2007, bastante elevada, 50% (IN41G-S01-PM-01). Dada esta situación, pódese argumentar primeiro que é un grao esixente directamente relacionado co pensamento abstracto, a argumentación e a lectura crítica de textos complexos. Como xa se indicou no informe de renovación de acreditación, é obvio que se a formación previa dos alumnos que entran por primeira vez estas competencias non está en liña cos requisitos necesarios para afrontar un título como este, é improbable que esta situación cambie drasticamente nos primeiros cursos. Ademais, é conveniente ter en conta o número de alumnos que non escollen a Filosofía como primeira opción (aproximadamente o 20%) e o feito de que unha gran parte dos nosos alumnos elixa estes estudos sen ter coñecemento das dificultades e esixencias propias destes estudos. Estes factores poden causar parte do abandono, tanto do que se produce durante o primeiro curso como o que ten lugar máis adiante, que se podería relacionar, como dicíamos, coas numerosas oportunidades do alumnado de presentarse ás convocatorias de cada materia e que permite a un alumnado insatisfeito con estes estudos ou pouco motivado, manterse durante máis tempo na titulación. Co obxecto de mellorar esta situación é que se pensou a acción de mellora AM-03 (curso 2017-18).

Para rematar, convén mencionar que as accións de mellora do plan previsto para 2017-18 xa toman en conta toda a situación descrita e están deseñadas para introducir melloras na medida do posible, aínda que mellorar o grao e a calidade da educación dependerá de varios factores e non é previsible que ocorra de súpeto, senón que debe ser o resultado de varios anos de traballo. Neste sentido, as accións de mellora como AM-01 (curso 2017-18), deseñadas para obter información sobre grupos de interese sobre estudos de filosofía, a acción AM-02, deseñada co obxectivo de crear grupos de discusión con titulados, ou a acción AM-04, creada co obxectivo de establecer acordos con empresas e institucións, vai no sentido de recoller a información necesaria para conectar os estudos de Filosofía coas necesidades da nosa sociedade e co reto de capturar unha demanda axeitada capaz de adquirir as competencias esixidas. Nesta tarefa, a información obtida a través da nosa acción de mellora AM-03, destinada a estudar as causas dos dous tipos de abandono, será fundamental. Doutra banda, a acción AM-07 pode contribuír a mellorar a visibilidade dos estudos de filosofía, así como a súa natureza transversal e a súa posible relevancia. A idea, en definitiva, é que, grazas ás accións xa realizadas e ás agora planificadas, podemos usar esta información para guiar aspectos como o contido, metodoloxías e adquisición de habilidades, cambios no currículo ou unha posible transformación do grao.

## 7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:


- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

